



XUÑO 2025

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Xuño 2025

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24
VIAXEIROS	12.256.716	3,3%	573.849	7,5%
NOITES	38.982.683	2,1%	1.011.613	5,0%
ESTADÍA MEDIA	3,18	-1,2%	1,76	-2,3%
% OCUPACIÓN	66,14%	-0,95	47,78%	2,07
ADR	129,5 €	5,5%	77,1 €	5,0%
RevPAR	97,2 €	7,8%	41,6 €	8,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de xuño o INE estima que abriron en Galicia máis de 1.600 establecementos hoteleiros –cifra similar á do pasado ano 2024–, que ofertaron 70 mil prazas –cifra que en termos globais mantense tamén nos niveis do pasado ano–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste sexto mes de 2025:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de xuño 574 mil viaxeiros aloxados e pouco máis dun millón de noites nos establecementos hoteleiros, cifras que superan os valores do pasado ano. En particular, o volume de noites crece un 5,0% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros aloxados –do 7,5%– nun contexto de leve descenso da estadia media –do 2,3% neste caso–.
- O incremento da demanda consegue colocar por vez primeira na serie histórica o nivel de pernoctacións por encima do millón de noites –rexistrando, con isto, un máximo da serie do mes de xuño–. En realidade son cinco anos consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Galicia neste sexto mes, pasando de 870 mil en 2019 a superar o millón agora en 2025.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase un comportamento tamén positivo, rexistrando igualmente neste ano a cifra máis elevada da serie histórica con 574 mil no conxunto da comunidade.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Boa parte delas, doce en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Castela A Mancha –cunha suba do 15%– e no triángulo A Rioxa, País Vasco e Navarra –as tres rexistran un incremento por encima do 13% interanual–.
- No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse en Aragón, cun 1,6% por encima do nivel de xuño de 2024.
- Tres destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano –Castela e León, Cataluña e Canarias– mentres que os dous restantes amosan caídas de similar



intensidade -do 6% en Estremadura e do 7% en Asturias-. No grupo de comunidades de comportamento non positivo localízanse dous dos principais destinos do Estado.

- Galicia colócase nunha posición media-alta no ranking de variacións interanuais, cunha taxa de crecemento parella á rexistrada en Murcia, e superior á media do conxunto do Estado -onde se observa un crecemento medio do 2,1%-.
- En termos de viaxeiros aloxados Galicia rexistra unha variación parella á de Castela A Mancha, cunha taxa tamén superior á media do conxunto do Estado. Sitúase nunha posición alta no ranking a nivel estatal, por detrás de País Vasco, A Rioxa, Cantabria e Navarra -todas localizadas no norte peninsular-.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 2,6% do total estatal. Mantén a posición de maio e gaña un posto en relación ao observado en abril e tres respecto de xaneiro e febreiro, recuperando a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Baleares -lidera por segunda vez consecutiva neste ano o ranking estatal con máis de 9,7 millóns de noites-, Cataluña -con preto de 6,9 millóns-, Andalucía -con 6,0 millóns-, Canarias -con case 5,7 millóns-, a C. Valenciana -con preto de 3,2 millóns- e Madrid -con 2,4 millóns neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 87% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Baleares, que se coloca por segunda vez consecutiva como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Canarias que liderou o ranking de novembro do pasado ano a abril deste 2025-, representa o 25% do total de España -porcentaxe superior á dos últimos meses-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia, por diante das restantes comunidades autónomas.
- O 65% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 45% do total-. Así pois, case a metade das noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe similar á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 20%.
- Neste mes destaca tamén en volume e peso o mercado internacional pois representa o 35% do total da demanda hoteleira -segmento que unha vez máis supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento parello neste mes. Así, en xuño increméntase o turismo de ámbito nacional -nun 1% o interno e nun 3% o que procede do resto do Estado- así como o internacional -nun 10% neste caso-.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira neste mes de xuño é, por tanto, homoxéneo a nivel de mercados mais concéntrase principalmente, por intensidade, no segmento que vén de fóra de Galicia, cun incremento de maior porcentaxe para o segmento internacional.



- Con esta dinámica o mercado internacional marca tres meses consecutivos de crecemento da demanda -rompe coa tendencia de descensos nos catro meses anteriores- rexistrando 355 mil pernoctacións agora en xuño -cifra que supón un máximo da serie histórica-. Non en vano este segmento vén de rexistrar un comportamento positivo en xuño dos últimos cinco anos, pasando de 270 mil noites en 2022 a 355 mil agora en 2025.
- Tal circunstancia vén como consecuencia de variacións dispares nos principais mercados. Así neste mes increméntase o turismo procedente de EE.UU. -principal país de orixe agora en xuño, igual que en maio, que supera nun 10% o número de noites de 2024- así como do mercado británico -cunha notable suba do 37%- , alemán e portugués - increméntanse nun 4% e 3% respectivamente-. Contrasta isto cos descensos observados nos restantes principais mercados, do 8% Francia, do 12% Irlanda e do 15% Italia.
- Apréciase, por tanto, un comportamento variable do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, se ben no caso do portugués regresa a unha dinámica positiva -igual que en marzo e abril- logo de rexistrar descensos en maio e nos primeiros dous meses do ano. Destaca tamén a caída dos mercados francés e italiano e, sobre todo, os notables crecementos dos mercados británico e norteamericano.
- O mercado receptor nacional, con 457 mil noites, acada tamén un máximo da serie histórica do mes de xuño, con pequenas diferenzas respecto dos valores dos últimos anos -supera as 400 mil noites desde 2022-.
- Este último presenta unha dinámica máis parella dos principais mercados, con incrementos xeneralizados e algunha excepción concreta. Xustamente é o principal mercado -Madrid- o que marca novamente a excepción rexistrando unha caída do 5% no número de noites hoteleiras. Cataluña mantense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que a maioría restante amosa dinámicas positivas, con incrementos que van do 8% para o mercado andaluz ao 10% para a C. Valenciana, ao 11% no caso de Asturias e a máis do 16% para Castela e León.
- O turismo interno presenta unha dinámica parella pero de menor intensidade pois sobe un 1,0% para achegarse ás 200 mil pernoctacións no ámbito hoteleiro. En realidade este segmento mantense estable mesmo desde antes da pandemia, con valores que se sitúan entre 190 mil e 200 mil noites desde 2017 ata agora en 2025.
- As diferenzas de intensidade das variacións provoca pequenos cambios de peso e, en consecuencia, de estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes increméntase o peso do mercado internacional -en algo máis dun punto porcentual para situarse no 35%, a porcentaxe máis alta da serie-, e descende tanto o interno como o receptor nacional -ambos en pouco máis de medio punto-. Nunca antes o mercado dos residentes en Galicia baixara do 20% do total da demanda neste sexto mes do ano.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é tamén variable. Mellora en tres provincias -de forma máis notable en Lugo, cunha suba do 22%, e algo máis moderada en A Coruña -co 4%- e Pontevedra -co 2% neste caso-. O número de noites descende unicamente en Ourense -un 5% neste caso-.



- Co 42% das noites hoteleiras A Coruña lidera por novena vez consecutiva desde o verán pasado o mercado turístico hoteleiro neste mes de xuño -substitúe a Pontevedra que na temporada alta lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual do primeiro semestre-. Segue a continuación xustamente Pontevedra, co 37%, por diante de Lugo e Ourense -co 15% e 6% do total, respectivamente-. Mantense agora en xuño a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -preto do 80% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto desigual entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén variable. Neste sentido increméntase no segmento alto -un 6% nos hoteis de catro e cinco estrelas, e un 7% nos de tres estrelas- así como nas pensións -nun 12% tanto naquelas de tres e dúas estrelas como nas de unha estrela-. O número de noites mantense relativamente estable nos hoteis dunha estrela e cae unicamente naqueles de dúas estrelas -nun 4% neste caso-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda increméntase un 3% no conxunto dos hoteis e un 12% nas pensións.
- O conxunto dos hoteis representa o 80% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 37% do total das noites-, ficando o 20% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,8 noites, cifra que descende en relación ao pasado ano -nun 2,3% en particular-. É o quinto ano consecutivo no que cae a estadía media no mes de xuño marcando con isto un mínimo da serie -antes da pandemia roldaba a cifra de 1,9 noites-.
- A estadía media en Galicia sitúase entre as máis baixas do conxunto do Estado -supera soamente o dato de Estremadura e Castela e León, esta última coa cifra máis baixa con 1,6 noites-. Canarias, con 6,3 noites, marca en cambio a cifra máis elevada.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media varía levemente entre provincias. O valor máis alto localízase nos hoteis e pensións de Ourense e Pontevedra, con 2,0 noites de media, e pola contra a cifra máis baixa queda no segmento hoteleiro de Lugo, con 1,5 noites neste caso.
- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que en abril e maio e ao contrario dos anteriores, a estadía media acada os valores máis altos nos hoteis de catro e cinco estrelas -con 2,0 noites- e, pola contra, os máis baixos nas pensións dunha estrela -con 1,3 noites neste caso-, cunha variabilidade intermedia correlacionada coa categoría do aloxamento. Contrasta isto co observado en meses anteriores a abril cando xustamente as pensións dunha estrela acadaban a cifra de estadía media máis alta de todas as categorías hoteleiras.
- O incremento do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta mantense estable. Isto leva a unha mellora dos niveis de ocupación en relación ao 2024 -de dous puntos porcentuais-, para situarse no 47,8% de media -a porcentaxe máis elevada da serie histórica do mes de xuño-.
- Por habitacións o grao de ocupación increméntase tamén, nun 4,4% neste caso.



- Esta mellora coloca o dato de Galicia nunha posición media no ranking estatal mellorando a cifra de cinco comunidades autónomas -igual que en maio-. Baleares marca agora en xuño, por terceiro mes consecutivo, a porcentaxe máis elevada cun 82,2% de media -Canarias liderou o ranking estatal de outubro a marzo-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda en Extremadura -co 38,7% de media-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 77,1 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 5,0%- así como a cifra de 2019 -nun 33% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de xuño. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras soben igualmente pero con menor intensidade -o dato da inflación media en Galicia no mes de xuño sitúase no 2,0%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade rexistra agora en xuño unha das tarifas hoteleiras máis baixas do conxunto do Estado -mellora o dato de seis destinos-. Baleares, con 157,0 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. No lado contrario Extremadura marca o valor máis baixo, con 67,6 euros neste caso.
- A mellora dos niveis de ocupación -o grao de ocupación por habitacións increméntase nun 4,4%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 5,0% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -crece un 8,7%-, situando o RevPAR hoteleiro en 41,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible -a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 40 euros neste sexto mes do ano.
- Galicia fica neste ámbito tamén nunha posición media-baixa respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -mellora o dato de tan só catro destinos-. Con 136,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Baleares marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 46,9 millóns de euros no mes de xuño, cifra que a grandes trazos supera nun 9,3% o dato do pasado ano. Con este incremento supera tamén toda a serie anterior a 2024, ficando así como a cifra máis alta da serie histórica.

ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xuño 2015-25




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xuño 2025/24






Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Xuño 2025




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Xuño 2025/24




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xuño 2025/24




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Xuño 2025/24






Fig. 7. Evolución da estadía media. Xuño 2015-25




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Xuño 2015-25






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xuño 2014-25




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xuño 2014-25

